



EXPOSICIÓN III ENCONTRO INTERNACIONAL DE CESTERÍA NO CAMIÑO

6 e 7 de xullo 2024

Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Dirección: Elena Varela Arias

Coordinación: M. Pilar Iglesias Armada e Sonia Engroba Cabana

Textos: M. Pilar Iglesias Armada e Sonia Engroba Cabana

Deseño, maquetación e fotografía das pezas: Marta Cancio Martínez

Revisión de textos: Rodolfo Caballero Otero

Edición: Museo do Castro de Viladonga, 2024

Impresión: Prelo


ISBN: 978-84-453-5485-8

DL LU 80-2024

Unha das accións máis antigas e universais do ser humano é tecer febras vexetais coas que crear obxectos útiles, simbólicos e incluso decorativos. Tanto a cestería arqueolóxica como a tradicional, aquela que se facía cando era esencial para a vida, atesouran un importante valor cultural. Agochan saberes que atinxen non só o coñecemento das diferentes técnicas á hora de entrelazar ou enrolar as febras, senón tamén o cultivo, recolección e tratamento dos materiais naturais, así como do uso dos obxectos elaborados.

Hoxe en día o oficio loita por seguir vivo, recuperar vellos saberes e evolucionar cara ás novas técnicas e deseños. Neste punto, o Museo do Castro de Viladonga organiza o "III Encontro Internacional de Cestería no Camiño" que pretende seguir a liña xa creada e consolidada nos anteriores encontros. Celebrarase no Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro, un lugar idóneo cuxas técnicas de cestería foron e están a ser usadas no tradicional teitado de colmo. Ademais é a entrada en Galicia do Camiño de Santiago polo que peregrinos e público do Conxunto Etnográfico desfrutarán do bo facer das cesteiras e cesteiros, creando así un ambiente multicultural.





Como complemento ao encontro poderase desfrutar dunha mostra de pezas realizadas e cedidas polas propias cesteiras e cesteiros. Esta exposición permanecerá aberta na Palloza- Museo os meses de xullo, agosto e setembro, no horario de apertura do museo.

O encontro desenvolverase en dúas xornadas. Unha primeira, na que cesteiras e cesteiros procedentes de diferentes lugares, mostrarán o seu traballo ao mesmo tempo que comparten coñecementos e experiencias. E unha segunda, na que terá lugar unha mesa redonda baixo o título: "Os vínculos creados pola cestería". Esta mesa estará encabezada por José Fajardo, especialista na área da etnobotánica e por Helena Martelo, cofundadora do proxecto "Organic Flow". A partir destas dúas intervencións abrirase unha quenda de diálogo na que todas as persoas presentes poderán participar nunha posta en común sobre diferentes itens que se van tratar.

O noso agradecemento ao Centro de Artesanía e Deseño (Centrad) da Deputación Provincial de Lugo, ao Concello de Pedrafita do Cebreiro, á Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a todas as persoas e participantes que colaboraron neste proxecto.



ANTONIO LUÍS ÁLVAREZ

Fun cesteiro toda a vida, desde os 18 anos. De rapaz mandáronme aprender un oficio e elixín a cestería. Aprendín en Verín cun cesteiro coñecido na zona.

Hoxe en día xa estou xubilado, pero sigo facendo cestos porque é a miña gran vocación. Traballase no que traballase sempre sacaba un momento para facer cestas.

O material que traballo é, fundamentalmente, salgueiro e castiñeiro co que fago cestas, barreiros, vendimos, canastos... e tamén fago cestas con vime.

Antonio Luís Álvarez
O cesteiro de Rexosende. Vilardevós (Ourense)
@ocesteiroderexosende

Cesta
Madeira de castiñeiro
Técnica: aspas
Uso: agrícola





ANTONIO RODRÍGUEZ BERNAL

Actualmente son artesán, docente e investigador da cestería de palmito. Comezei a traballar este material no ano 1984 das mans do meu avó paterno Domingo Rodríguez "El Bornicho". Con el aprendo todos os coñecementos indispensables deste oficio ancestral. O continuo traballo coa palma fíxome evolucionar e ampliar os meus coñecementos de forma autodidacta. Centrei o meu traballo en perfeccionar o acabado, adquirir novas técnicas e dar máis contemporaneidade á palma con novos deseños.

O contacto con outros artesáns tamén me enriqueceu moito, fundamentalmente os que traballan a palma e que me deron a posibilidade de recuperar pezas tradicionais. Así como outros artesáns que traballan febras diferentes como o vime, o xunco, a cortiza de castaño... Todo isto deume a posibilidade de trasladar á palma técnicas que antes non eran empregadas nesta febra.

Apaixóname a posibilidade de poder transformar unha febra próxima en obxectos útiles ou artísticos cos coñecementos adquiridos durante anos, e saber que o palmito aínda me ofrece moitas posibilidades tanto de aprendizaxe como de creación.

Esta peza foi feita cunha empleita elegante utilizada tradicionalmente nas Canarias para facer sombreiros. A asa está feita con toniza (como se facía tradicionalmente) e rematada con dous embustes. Este adorno ou remate das asas empregouse sempre nunha peza tradicional do sur de Andalucía denominada capacha.

Antonio Rodríguez Bernal
Rota (Cádiz)
Palucirelpalmito@gmail.com

Bolso "Abril" deseño propio
Palmito
Técnica: cosido con liño
Uso: complemento de moda





BERTA BUGALLO CAMPO

Inicieime no mundo da cestería no ano 2006 como alumna da Escola de Folklore de Guadalajara e o que nun primeiro momento foi curiosidade e de seguida se converteu na miña gran paixón. Algunhas das persoas coas que aprendín a tecer son Carmen Sánchez, Carlos Fontales e Adoración Pastor (quen me ensinou todo o que sei da cestería de palla con trigo *negrillo*).

Comecei a miña andadura no mundo da docencia no ano 2009 e actualmente son profesora de cestería na escola antes mencionada e nos Talleres Culturais de Azuqueca.

Un punto importante no que tamén estou centrada é na investigación e na documentación da cestería relacionada coa provincia de Guadalajara. Aínda me segue marabillando a facilidade coa que se pode dispor da materia prima dando un simple paseo polo campo, tan preto, tan á man, e o pouco que se necesita para tecer, sen apenas ferramentas, tan só coas mans como protagonistas.

Esta peza fíxena con técnicas variantes do *cosido en espiral*: a base está feita coa técnica de *punto de palla ou espeso* e a forma ou subida co *punto espiga*. Leva uns adornos chamados *cordoncillos* presentes na parte baixa e alta da cesta e tamén na asa. Toda a cesta está cosida coa propia palla. Non se usa ningún outro elemento para a costura excepto os adornos que van cosidos posteriormente.

Berta Bugallo Campo
Guadalajara
bertabucam@gmail.com

Cesto
Trigo *negrillo*
Técnica: variantes do cosido en espiral
Utilizando o primeiro nudo
Uso: doméstico
Pertence á Escola de Folklore de Guadalajara





CARLOS FONTALES ORTIZ

Son cesteiro e investigador de cestería desde o ano 1988 e desde 1992 tamén son docente neste campo. Comecei a aprender o oficio con Carlos Puyol (Corme, A Coruña) e Antonio González (Lobeira, Ourense). A partir de aquí continuei e continúo aprendendo día a día con cesteiros de Galicia e do resto do Estado.

Publiquei dous libros (*Cestería de los pueblos de Galicia*, 2005 e *Más que cestos. Cestería popular española*, 2013). Fun asesor e docente do Obradoiro de cestería da Deputación de Lugo entre 2005 e 2011. Levei a cabo a exposición *Máis que cestos*, na que se recollen máis de 120 pezas da miña propia colección. Esta exposición foi presentada en Holanda, Polonia, Alemaña, Francia e varias cidades españolas. Participei nos dous festivais de curtas sobre cestería celebrados en Lichtenfels (Alemaña) nos anos 2022 e 2023. Na primeira ocasión co meu documental *Seica estamos dous no mundo* e na segunda con *Un cesto en los escombros*. Durante estes anos teño impartido multitude de cursos e conferencias en España, resto de Europa, USA e Marrocos en técnicas de cestería popular, novo deseño e diferentes materiais, ademais de realizar instalacións, estruturas, esculturas e pezas de gran formato, tanto en España coma no resto de Europa.

A miña produción oríentase tanto á cestería popular como ao novo deseño e instalacións de Land Art.

Carlos Fontales Ortiz. Madrid
Residente en Caballar (Segovia)
carlosfontales@gmail.com

Cesta

Vime branco e cordón encerado
Técnica: de nasa
Uso: variado





ESTHER RODRÍGUEZ PÉREZ

Practico a cestería de follato do millo desde o ano 2011. Aprendín o oficio cunha tía do meu marido. Ela contábame que no Val Miñor se facían cestos de folla de millo. Un dos usos máis comúns destes cestos era recoller os ovos no galiñeiro e conservalos na casa.

Un dos principais motivos que me levou a aprender o oficio foi precisamente para que non se perdese este tipo de cestas e técnicas. Co paso do tempo fun perfeccionando tanto as técnicas coma os usos.

Fago cestería de follato de millo e de folla de cana.

Esther Rodríguez Pérez
Gondomar (Pontevedra)
estherrodriguez@gmail.com

Alfombra

Follato de millo

Técnica: tecido en espiral

Uso: doméstico





ISABEL DA CONCEIÇÃO REIS SOUSA

Nacín nunha familia numerosa na que o meu pai xa era cesteiro. Desde pequena namorei dos dedos do meu pai traballando neste oficio. Son cesteira desde hai 38 anos.

Participei en varias feiras e eventos a nivel nacional e tamén no estranxeiro. Incluso teño representado o municipio de Ourém nunha feira internacional celebrada en Plessis Trevisé levando o traballo artesanal do concello ao exterior. Tamén traballo co público máis novo mostrando esta antiga profesión utilizando técnicas manuais para traballar o vime.

No ano 2010 obtiven o CAP que me acredita para impartir formación en cestería.

Isabel Da Conceição Reis Sousa
Ourém (Portugal)
isabelreisousa@66@gmail.com

Seirões

Vime

Técnica: tecido de varas

Uso: almacenamento, decoración, transporte





JUANA VEIGA CASTRO

Tiven un comezo tardío. O meu primeiro cesto fíxeno aos 58 anos nun curso organizado pola asociación de veciños San Brais, de Vinseiro, concello da Estrada e impartido por Esperanza Díaz Beltrán. Namorei do oficio no primeiro momento. Tras o curso comezou o confinamento, un momento importante para min, xa que aproveitei para traballar e interiorizar o aprendido.

Desde entón, son autodidacta e, pouco a pouco, algo que naceu como unha afección enseguida se converteu nunha actividade laboral nacendo a marca Capixuta.

Fago pezas de cestería contemporánea con *roten* e fío de papel, tanto para decoración (lámpadas, esculturas, xerros), como para uso persoal diario (cestas para a cociña, bolsos) ou para ocasións especiais (corpiños, bixutería, tocados).

A cestería achégame moita paz mental e a satisfacción de saber que o que imaxino o podo facer real coas miñas propias mans. Desfruto moito *cesteando* e gustaríame aprender novas técnicas e a utilizar novos materiais.

Juana Veiga
Codeseda (Pontevedra)
veiga.juana@gmail.com

Menina
Roten e coiro (*laciños*)
Técnica: tecido
Uso: decoración





JOSÉ CARLOS GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Aprendín o oficio porque un día fun a unha tenda de cestería no casco vello de Vigo e lles dixen que quería aprender a facer cestos. Alí dixéronme que había unha escola municipal e apunteime. Nesta escola os profesores eran Antonio (que é o cesteiro que queda na rúa dos cesteiros de Vigo), Chus, Toño do Val... Nesta escola ensináronnos técnicas tradicionais galegas como a cestería de varas, a de colmo e a de madeira fendida. Logo seguí formándome con outros mestres como Joao Farré Olivier, Carlos Fontales e outros. Tamén aprendín outras técnicas como a caótica, a de vime vivo e puíden coñecer outras pezas de Europa e da Península Ibérica.

O que primeiro me apaixonou da cestería foi que era tan doado como dar un paseíño, levar unha navalla ou unha tesoiira de podar, coller catro paus polos camiños e poder fabricar algo útil. Agora outra das cousas que me motiva é a necesidade de manter este oficio con vida.

A peza que presento é un cesto que se chama típico da mariña lucense. Estes cestos eran empregados nos labores do campo e do marisqueo. Son características as súas paredes cóncavas que permitían adaptalos á cadeira e ás costas. As catro puntas tan pronunciadas empregábanse para coller a area nas praias, cribala e lavala coa auga e quedarse tan só coas cunchas que eran levadas para os galiñeiros e favorecer así a dureza do ovo.

Carliños cesteiro
Oia (Pontevedra)
cesteiro2009@hotmail.com

Típico da Mariña lucense

Técnica: tecido simple

Uso: labores do campo,
marisqueo e recolección de cunchas





LOIS WALPOLE

Formeime en escultura, cestería e deseño de produtos. Traballo como artista/cesteira desde 1984. A arte deume o desexo de crear, a cestería ofreceume moitas opcións de materiais e técnicas para crear e o deseño de produtos ensinome moito sobre a nosa relación cos recursos materiais. Unha parte importante do meu traballo tamén é escribir sobre cestería.

Sinto unha forte atracción polos materiais que se consideran sen máis uso ou non nobres, intento facer maxia con eles para darlles unha nova vida. Non son os materiais os que están en falta, senón a forma coa que os empregamos.

Esta peza está feita de corda mariña e restos dunha caixa de cervexa danesa que chegou á praia de Shetland, así como con follas secas. Formou parte dunha instalación que creei con máis de cen cestas, todas feitas de materiais atopados en Shetland. Nunca compro materiais, hai moitos dispoñibles de forma gratuita.

Lois Walpole
Reino Unido
lois@loiswalpole.com

Cesta da instalación North Atlantic Drift
Corda mariña, restos dunha caixa de cervexa danesa e follas secas
Técnica: cosido en espiral
Uso: Sen uso definido





LOLA TOURÓN RÍO

Comecei a traballar profesionalmente no mundo da cestería no ano 2003. Formeime con cesteiros como Chus Labrador, Antonio Yáñez, Carlos Fontales, Berti Ida, Jette Melgren e Jan Johansen, entre outros. Asemade, desfruto da aprendizaxe que me brindan tanto a cestería tradicional das persoas artesás que fun descubriendo, estudando e documentando por diferentes lugares da xeografía galega como dos novos artesáns.

Estou firmemente comprometida coa salvagarda do oficio, polo que loito cada día para mantelo vivo e con saúde.

A miña técnica favorita é o colmo, pero tamén traballo con vime vivo, técnica mixta, lazos, espiral, pleita, caos...

Traballo na miña casa, en Portomarín (Lugo), e imparto obradoiros de diversas especialidades.

Lola Tourón Río
Portomarín (Lugo)
cesteriaviva@gmail.com

Amboa
Papel reciclado
Técnica: de varas
Uso: sen determinar





LUÍSA DA SILVA SEIJAS

Son cesteira desde fai 15 anos. Aprendín con cesteiras e cesteiros e ademais completei a miña formación con diferentes publicacións e obradoiros.

Como a maioría das cesteiras e cesteiros, á miña paixón polo oficio únese a necesidade de mantelo vivo no tempo.

Traballo con varas, palla de centeo, vime, agulla de piñeiros, xuncos e estelas de castiñeiros. Gústanme moito as técnicas tradicionais que ademais me permiten innovar e fusionar con outras técnicas e materiais. Cultivo o meu propio centeo e vime.

Luísa da Silva Seijas
Ares (A Coruña)
luisadasilvaseijas@gmail.com

Bolso de palla de centeo e coiro

Pleita de picos de 4 cabos forrado con tea de liño

Técnica: cosido en espiral

Uso: moda

Inspirado na sella da auga galega







Antonio Luís Álvarez (Rexosende, Ourense)
Antonio Rodríguez Bernal (Rota, Cádiz)
Berta Bugallo Campo (Guadalaxara)
Carlos Fontales Ortiz (Segovia)
Esther Rodríguez Pérez (Gondomar, Pontevedra)
Isabel da Conceição Reis Sousa (Ourmém, Portugal)
Juana Veiga Castro (Codeseda, Pontevedra)
José Carlos González Martínez (Oia, Pontevedra)
Lois Walpole (Reino Unido)
Lola Tourón Río (Portomarín, Lugo)
Luísa da Silva Seijas (Ares, A Coruña)

